

Re-encontro da Agantro: Antropoloxía Galega en Construción 2020 Presentación de socios e socias, os seus proxectos e asemblea Agantro



Despois de tantos meses sen nos encontrar, e despois de adiar por segunda vez o III Congreso de Antropoloxía de Galiza en Allariz para o ano que vén, AGANTRO querevos convidar a **un encontro virtual**, para continuar a partillar coñecementos, proxectos e traballos antropolóxicos nestes tempos de incerteza.

O día 13 de novembro, das 16 ás 18:30 celebraremos a *Xornada de Reencontro da Antropoloxía Galega en construción 2020*, un encontro que estará dividido en dúas partes: unha primeira de presentación de novos socios e socias, así como de novos traballos e proxectos, e unha segunda, que será a asemblea anual da asociación.

Por iso pedimos que enviesdes as vosas propostas para a primeira parte a través do email da asociación ate o día 30 de outubro. Debido ao tipo de formato, nesta ocasión as presentacións terán que ser máis breves que en anteriores encontros, en torno aos 5 minutos e se lle dará preferencia á xente nova na asociación.

Apelamos á vosa participación, que será certificada pola asociación (asistencia e/ou presentación de traballo). Agradecemos a difusión e a participación.

Hora: 16:00 -18:30